

IMPLICATE 2017

Teatro

Música

Poesía

Danza

IMPLÍCATE. Noite de música e palabra solidaria

Implicadas no Desenvolvemento celebra o 8 de xaneiro no Teatro Principal de Santiago de Compostela a XII edición do “Implícate. Noite de música e palabra solidaria”.

Este festival solidario reunirá sobre o escenario a artistas do mundo da danza, do teatro e da literatura a partir das 20:30 horas. Presentado por Yolanda Castaño e Monti Castiñeiras, este ano contará coa participación de artistas como Nacho Vegas, De Vacas, IGMIG, Marián Bañobre e Rober Bodegas; poetas como Eli Ríos, Gonzalo Hermo, O Leo ou Margarida Ledo e a bailarina Clara Ferrao Diz.

O Implícate! Noite de música e palabra solidaria serve para dar a coñecer a filosofía de traballo de Implicadas, os seus proxectos de cooperación ao desenvolvemento que está a levar en comunidades do Sur e as actividades de concienciación que realiza Implicadas no ámbito galego. As artistas colaboran de xeito desinteresado e os cartos recadados destínanse integramente a financiar os proxectos de cooperación que a organización está a desenvolver na India: a erradicación do infanticidio feminino en Salem e o empoderamento de mulleres en Tiruchy

Implicadas no Desenvolvemento é unha organización crítica e feminista de cooperación ao desenvolvemento fundada en 1998 que basea o seu traballo na procura da igualdade de xénero como alicerce para o desenvolvemento humano perdurable.

ARTISTAS



Marián Bañobre

Bañobre (Ferrol, 1978), ademais de licenciada en Socioloxía, diplomada pola Escola Actoral Casahamlet e posgraduada en Arte Dramática pola USC, é actriz, clown, creadora escénica e deseñadora de vestiario. Como actriz de teatro comezou no cambio de milenio da man de Casahamlet (“A Orestiada”, “A Doncela Guerreira”), participou máis tarde no espectáculo xuvenil “Tanis I O Mocos” (de Manuel Lourenzo) para Producións Desaqueloutradas (2002), e entre o 2003 e o 2005 embarcouse en varias obras de Teatro do Morcego: “A Gran Ilusión”, “Os vellos non deben de namorarse”, “Momo”, “O circo enmeigado” ou “A Farsa do Bululú”. Actuou noutras producións de Nove-dous Teatro, A escapista/Sala Triángulo/Juanjotero Producciones, o Centro Dramático Galego, e noutras de Teatro de Ningures (“O principiño”, “Tartufo” –pola que levou a María Casares á mellor actriz secundaria- ou “Misericordia”) ata que, en 2010, promove xunto a Santiago Cortegoso o seu propio selo de produción, Ibuprofeno Teatro, para emprender proxectos teatrais dun xeito persoal e independente. Entre eles cóntanse ata o de agora espectáculos como “A filla de Woody Allen”, “Vulto”, “O Furancho” ou “Raclette”, a maioría escritas e dirixidas por Cortegoso. Pola titulada “Pequenos Actos Pseudorrevolucionarios que non serven para cambiar o mundo pero fan que quedemos máis tranquilos” concedéronlle o María Casares á mellor actriz protagonista.

Como clown, ten participado en obras de Os Sete Magníficos + 1 (a Compañía do Festiclown), a francesa Theatre Organic, Maquinaria Pesada, ou tamén a propia Ibuprofeno teatro co solo de rúa “Fitness”. Ademais, como actriz audiovisual ten participado en vídeos publicitarios, anuncios, curtametraxes, longametraxes, programas de humor como “Air Galicia” ou “O Show dos Tonechos” ou series como “O Nordés” ou “Escoba”. Como deseñadora de vestiario ten colaborado con Teatro de Ningures, Lucecús teatro e Ibuprofeno Teatro, o que lle valeu un María Casares para esta última. E ten tamén no seu haber traballos como creadora escénica, docente (sobre todo da especialidade clown).



Clara Ferrao Diz

Bailarina graduada en ensinanzas profesionais na especialidade de danza contemporánea polo Real Conservatorio Profesional de Danza Mariemma, Madrid. Obtén no 2015 a mestría en Danza e Artes do Movemento na Universidade Católica de Murcia. Formada tamén en danza clásica polo método Logse no Conservatorio de Danza Hannelore, Vigo, obtendo tamén o Intermediate pola Royal Academy of Dancing.

Cabe salientar a súa participación como bailarina/intérprete e co-creadora da peza "Ensaio amor", estreada no Festival Escenas do Cambio e coproducida polo festival ALT 2016. Representada tamén no 20 Festival A Part e no 22FETAL. Como bailarina no musical "Galicia Canibal" dirixido por Quico Cadaval e con coreografía de Mónica García e Janet Novás. Como bailarina suplente na peza "Silencio por favor" de Licenciada Sotelo.

Como bailarina e co-creadora da peza "Piedra sobre el agua", colaboración entre La Incidente D-T, Cisma danza e Declaro danza e como bailarina e creadora da peza "Al vacío". Destaca, así mesmo, a súa última creación, "Pies de plomo", estrenada no festival de rúa Corpo(a)terra. Actualmente dedícase tamén ao ensino de danza clásica e contemporánea en diferentes centros da provincia de Pontevedra e preside a Asociación de Danza de Gondomar.



Gonzalo Hermo

Taragoña, Rianxo, 1987)

Licenciado en Filloxía Galega, actualmente prepara a súa tese de doutoramento e imparte docencia na Universidade de Santiago de Compostela. Publicou dous libros de poesía: Crac (Barbantesa, 2011), Premio Xuventude Crea da Xunta de Galicia, e Celebración (Apiario, 2014), Premio da Crítica e Premio Nacional de Poesía Nova "Miguel Hernández", traducido ao catalán (Celebració, Godall, 2016) e proximamente ao castelán. Realizou tarefas de edición para Chan da Pólvora e de crítica literaria para revistas como Protexa e Dorna. Participou en festas de poesía de ámbito nacional e internacional, como o Festival de Poesía de la Mediterrània ou Festival de Poesía de Córdoba (Arxentina).



Roberto Bodegas

é un cómico de Carballo, e o seu estilo de Stand Up (monólogo cómico) é dos máis acedos que se poden atopar no panorama actual. Iso converteuno nun dos cómicos de cabeceira de Comedy Central. Aínda que quizáis non sexa apto para as persoas máis susceptibles. Tamén é guionista e ten escrito programas e series que seguramente vistes aínda que só fose mentres tentabas botar unha sesta.

Puidestes velo en programas da tele como El Rey de la Comedia (TVE), Sé lo que hicisteis... (LaSexta), Ilustres Ignorantes (CANAL+), Central de Cómicos (Comedy Central) ou en Hazte un Selfi (Cuatro). Tamén no cine en Cuerpo De Élite. Se cadra escoitáchelo na radio en YU: No te pierdas nada (Los 40 Principales), ou víchelo en vídeos para internet en Solocomedia e Pantomima Full.

Se pasastes por Madrid, puidestes velo na Gran Vía en La Chocita del Loro, onde leva sete anos en carteleira cos seus espectáculos. Ou canda Alberto Casado, no Teatro Alfil, onde estiveron dúas tempadas co seu espectáculo de sketches Pantomima Full.

As súas felicitacións de Nadal espido tamén son un clásico difícil de esquecer.

Tamén pode que o atopases por calquera bar do país, tanto actuando como bebendo. De algo che ten que soar este rapaz!



De Vacas

son un cuarteto musical composto por unha guitarra e tres voces. Fan versións de grandes temas venerados polas masas e maltratados pola historia. Detrás de cada canción mala hai un corazón que queren reivindicar. Desde as Spice Girls ata o Gagnam Style, pasando por Enrique Iglesias ou Michel Teló... temas que marcaron as súas tardes de domingo na discoteca e que rescatan para vós nun formato fresco e divertido, co que emocionarse e rir a partes iguais.



Eli Rios

naceu en Londres ao mesmo tempo que o punk rock pero, ao pouco tempo, regresou ás terras de Ordes onde se criou.

Despois de moitas voltas e reviravoltas decidiu instalarse ao pé do castro de Elviña. Alí agromaron os seguintes libros:

- nós escoitando o badalo de marienplatz (XII Premio de poesía Concello de Carral, 2009), Culleredo, Espiral maior, 2010.

- rúa da cancela (IV Premio de poesía erótica lilas Sisargas, 2009), Malpica. Caldeirón.

- Maria (I Premio de Poesía Figurante), 2013, O Figurante.

- Anamnese (II Premio de Poesía Manuel Lueiro Rey), 2014, Sotelo Blanco.

- Diario de fotogramas (Segundo premio do I Concurso de Poesía Centro Recreativo de Artes), Concello de Riveira, 2014.

- Remexido de patacas (XL Certame de Narracións Curtas Modesto Rodríguez Figueiredo), Catoira, 2014.

- Doe tanto a túa ausencia (XVIII Certame Francisco Añón de Poesía), Concello de Outes, 2015.

- Bicha (XII Premio Pura e Dora Vázquez de Narración), Deputación de Ourense, Ourense, 2015.

- Café intenso. I Premio de Poesía Rosalía de Castro de Padrón, 2015.

- Marta e a píntega, Galaxia, 2016.

- Mulleres bravas da nosa historia: María Victoria Moreno, Urco Editora, 2016.

Colabora como crítica literaria na revista dixital de crítica literaria feminista A Segra e vén de ser a flamante gañadora do prestixioso Premio de Narrativa Torrente Ballester á mellor novela en galego.



IGMIG

IGNacio Muñoz e MIGuel Seoane coñecéronse a finais dos 90, os dous músicos e a raíz de traballar xuntos nunha academia de música comezaron gravar cousiñas e facer experimentos musicais. Ambos os dous son IGMIG, proxecto que ao principio naceu máis orientado a experimentación e performance. No 2002 xuntáronse cun par de artistas visuais e formaron LUDD, un equipo co que realizaron numerosas performances, teatro, concertos e algunha escultura interactiva. Nesa época deseñaron varios instrumentos musicais como os "monos electrónicos" -uns traxes con sensores que permiten disparar sons almacenados e procesados no ordenador percutindo o corpo-. Con LUDD tamén formaron o colectivo ALG-A www.alg-a.org unha comunidade pioneira en Galicia que aglutinaba aos artistas plásticos, sonoros e dixitais contemporáneos galegos. Máis adiante produciron o segundo disco do grupo Ávalon e fixeron varias bandas sonoras para cine, documentais e teatro, entraron a formar parte da banda de X.M.Budiño facendo xiras con el arredor do mundo e gravando varios discos. Despois formaron xunto a outros 19 músicos O.M.E.G.A., a primeira orquestra de improvisación dirixida de Galiza e unha das primeiras de España. Unha parte de O.M.E.G.A realizou, xunto a Germán Coppini, unha reinterpretación dos temas do grupo Golpes Bajos. En 2011, decidiron retomar a parte do directo musical con IGMIG, sumando a Suso Alonso (Suso Feixón) á banda.



Margarita Ledo Andión

Cineasta e escritora, entre os seus filmes figuran os documentarios Santa Liberdade (2004), Manuel María, fala e terra desta miña terra (2005/2016), Liste, pronunciado Líster (2007), Lavacolla, 1939 para o filme colectivo Hai que botalos! Ou Cienfuegos, 1913 (2008) e a ficción A cicatriz branca (2012), en diálogo coa súa novela Porta Blindada.

Dos primeiros versos publicados no 1971, de relatos como Mamá-Fe no 1983 ou como "Paula Cooper" en Linguas Mortas, serial radiofónico, no 1989, a intervención cultural de Margarita Ledo Andión entrou de fronte na imaxe do real –fotográfica e cinematográfica- e na escrita como parte de determinadas propostas plásticas. Formou parte do proxecto Corpos de Producción e colaborou con Bernardo Tejeda en propostas como Menciña Vermella e máis en Cinco Camas.

Catedrática de comunicación audiovisual da USC, coordina o Grupo de Estudos Audiovisuais e dirixe diferentes proxectos sobre cinemas en linguas non hexemónicas. As súas liñas de pescuda traballan a produción e acceso a bens culturais dende a diversidade, as políticas de comunicación e as teorías feministas nos universos da creación e a expresión. É Premio Nacional da Cultura Galega na modalidade de Cinema e Audiovisual- 2008 e numeraria da Real Academia Galega.

O seu libro Cine de fotógrafos (2005) Gustavo Gili, Barcelona, foi Premio "Fundació Espais d'Art Contemporani", e ten publicado artigos de investigación en Telos. Cuadernos de Comunicación e Innovación; na obra El tratamiento informativo de la violencia contra las mujeres (2015) ou en Imagen, cuerpo y sexualidad, (2014).



Nacho Vegas

Tras facer parte de bandas como Manta Ray nos 90, o cantautor asturiano Nacho Vegas (Xixón, 1974) comezou a publicar álbumes baixo o seu propio nome en 2001 co selo independente madrileño Limbo Starr. Neste tempo, ademais, ten colaborado cunha chea de artistas e gravado sendos discos man a man con Bunbury e con Christina Rosenvinge, ademais de varios EP. Paralelamente, formou xunto a Xel Pereda e outros músicos asturianos a banda Lucas 15, gravando un álbum no que revisitan a música tradicional da súa terra natal, Asturias, e dunha identidade territorial coa que este filólogo sente un vínculo e compromiso fortes.

En 2010 lanzouse á aventura da autoedición dando vida a Marxophone, unha cooperativa de músicos baixo a que viron a luz o seu último longo, "La zona sucia", e o mini-álbum "Cómo hacer crac", publicados ambos os dous en 2011.

Nacho Vegas tamén forma parte de Fundación Robo, plataforma colaborativa xurdida en 2011 na que se dan a man a música popular, o pensamento crítico e o activismo político, e que conta cunha facción literaria irmá, Asalto.

O seu último disco, "Resituación", editouse en abril de 2014 e presentouse en directo por múltiples cidades de España e de Latinoamérica. E en decembro de 2015 saen as "Canciones populistas", un novo EP en formato dixital publicado ao mes seguinte en formato 10" que inclúe 5 cancións gravadas a cabalo entre Cádiz, Asturias, Madrid, Zaragoza e México D.F.



O Leo

O Leo de Matamá, heterónimo de Arremecághona's Producións ou de Leo Fernández Campos e que se presenta como monobanda acústica, anda embarcado na súa xira Sé Mente de Vencer, que o levará por terras catalás, valencianas, belgas... No último espectáculo deste cantautor punk, filólogo e poeta nado en 1974 hai pandeiretas, maletas, timbres, placas de matrícula e todo tipo de cordófonos tamaño poni: charango, cavaquinho, ukelele, cigar-box guitar, guitalele; harmónicas, casiotone... para facer un repaso da canción protesta dos 5 continentes traducida ao galego e conectada con versións de voces ceibes, das loitas obreiras de Vigo no 72 e temas propios. Este tamén colaborador en producións escénicas como letrista, músico ou actor, fai parte doutros proxectos musicais, como Labregos do tempo dos Sputniks (xunto a García, mc de Dios ke te crew) e Das Kapital (xunto a Daniel Salgado e Marcos Payno). Exitoso concursante habitual en "A polo ghit" e artista polifacético curtido en mil salas e locais, o Leo dérase a coñecer nomeadamente en 1998 acompañando a xira galega de Albert Pla, e editara un disco (Suspiros de Kaña) naquel mesmo ano (e reeditado en 2006) e un libro de poesía (Hai cu) no 2007. No "Implicate!" tentará resumir toda a súa obra nunha soa canción, que estreará ese día, acompañado por unha versión mínima da monobanda.



PRESENTAN



Yolanda Castaño

(Santiago de Compostela, 1977). En 1990 trasladouse a vivir á Coruña onde se licencia en Filoloxía Hispánica. Dáse a coñecer, na adolescencia, a través dunha serie de premios de poesía menores, como o Antonio García Hermida de Villalba, Atlantida 93 e Manuel Masdías da Coruña, ou o I Premio Francisco Fernández del Riego no II certame Xuventude 94, ata que en 1994 obtén o III Premio Fermín Bouza Brey e publica o seu primeir libro, *Elevar as pálpebras*, con 17 anos.

É membro do equipo directivo da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) e formou parte do de Letras de Cal, editorial de poesía destinada a publicar novos valores. Como poeta, e tamén como crítica literaria, colaborou en diversas publicacións como *Festa da palabra silenciada*, *Dorna*, *A xanela*, *Clave Orión*, *La Flama en el Espejo*, *Quimera*, *O Correo Galego*, *A nosa terra*, *Ólisbos*, *Elipse*, *Enclave* ou *El mundo*.

Participou en varios volumes colectivos como *Daquelas que cantan... Rosalía na palabra de once poetas galegas* (1997), editada pola Fundación Rosalía de Castro e que ía acompañada dun CD, *Mulher a facer vento* (1998) ou *Alguén agarda que volva alí* (1998). Da súa obra destacan "*Elevar as pálpebras*" 1995, Premio Fermín Bouza Brey; "*Delicia*" 1998 y 2006, "*Vivimos no ciclo das Erofanías*" 1998, Premio Johán Carballeira e Premio de la Crítica Española; "*Vivimos en el ciclo de las Erofanías*" no ano 2000, "*Edénica*" 2000 e "*Libro de la egoísta*" 2006.



Monti Castiñeiras

Ramón Castiñeiras, máis coñecido como Monti Castiñeiras, naceu en Santiago de Compostela. Contando con estudos de Filoxía e Maxisterio, comezou no mundo do teatro da man da compañía Ítaca, así como con Teatro do Noroeste. Actor de dobraxe dende 1985, realizou diversos traballos de publicidade, tv e cine. Entre estes último traballos cabe salientar, no cine, os últimos filmes de Almodóvar e mais de Ignacio Vilar: "Julieta" e "Sicixia" e, canto a TV, "El final del camino" e "Serramoura".

Implicátese! Noite de música e palabra solidaria

Data: 8 de xaneiro de 2017

Hora: 20:30 horas

Lugar: Teatro Principal de Santiago de Compostela

Entradas: 12€. Á venda en www.entradas.abanca.com e na billeteira do Teatro Principal.

Contacto:

Implicátese! Noite de música e palabra solidaria: Yolanda Castaño

Implicadas no Desenvolvemento: Susana

IMPLICADAS
NO DESENVOLVIMENTO